

COMISIÓN PERMANENTE

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 13 DE MARZO DE 2020

<p>Asisten: Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente) Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria) Prof. María Belén Fernández Docampo Prof. Regina Ibáñez Paz Prof. Lydia Noriega Rodríguez Prof. José Carlos Orge Míguez Prof. Julio Costas Comesaña Prof. Carmen Domínguez Rubira Prof. Carmen Ruiz Hidalgo D^a. Itciar Sobrino García D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez</p> <p>Disculpan asistencia: D^a. Icíá Castro Iglesias D. José Alberto García Gallardo Prof. Helena Martínez Hens D. Andrés Vilas Villamarín</p> <p>Asisten como oíntes D^a. Karolina Laurencja Plaga Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo</p>	<p>Acta da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo convocada por orde do Decano da Facultade, o Prof. Francisco José Torres Pérez, celebrada o 13 de marzo de 2020 ás 12:30h en primeira convocatoria e ás 13:00h en segunda, na Aula A-209 co seguinte punto da orde do día:</p> <p>- Aprobación, se procede, das eventuais medidas académicas a adoptar ante a posible incidencia do coronavirus no calendario universitario.</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Ás 13:00h do día 13 de xaneiro de 2020 comeza a reunión da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

Aprobación, se procede, das eventuais medidas académicas a adoptar ante a posible incidencia do coronavirus no calendario universitario.

En primeiro lugar, o Sr. Decano fai referencia ás recomendacións da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ao PDI, ante a suspensión temporal das actividades docentes presenciais. Recordamos que están colgadas na páxina web da Universidade.

En segundo termo expón ás catro medidas propostas polo equipo decanal ante o posible escenario de ampliación do período de suspensión da docencia presencial ata despois de Semana Santa:

1ª medida: O profesorado intentará realizar todas as actividades puntuables vía FAITIC, de modo que se poida computar toda a nota da avaliación continua. O obxectivo é obter, como mínimo, a nota da avaliación continua como referencia.

Apróbase por asentimento esta medida.

2ª medida: Si o considera oportuno o profesorado, encargar algún traballo/control extra ao alumnado co fin de substituír o exame da materia ou, no caso de que finalmente se levara a cabo, computaría por unha porcentaxe da nota a maiores da avaliación continua. O obxectivo de esta medida é paliar os efectos dunha suspensión da convocatoria de exames.

A prof. Carmen Ruiz Hidalgo considera que é precipitado pensar no exame de maio. Tras un pequeno debate, acórdase demorar a implantación desta medida na agarda da evolución da crise actual.

3ª medida: propoñer unha modificación urxente da normativa de TFG permitindo a cualificación directa por parte do titor/a ata un 80% da nota e a presentación vía skype ante un Tribunal por parte daquel alumnado que desexe unha nota superior. O obxectivo desta medida é paliar os efectos dunha suspensión da convocatoria de TFG.

Acórdase demorar a implantación desta medida na agarda da evolución da crise actual.

4ª medida: adiantar a entrega da memoria final de prácticas externas por parte do alumnado e dos titores/as das empresas colaboradoras prevendo unha posible suspensión da actividade laboral nas empresas/institucións colaboradoras. O obxectivo desta medida é a avaliación das prácticas externas.

A prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo expón que no Grao de Dereito e Relacións Laborais xa rematou o primeiro período de prácticas e que o segundo período comezou o 11 de marzo. Nesta fase hai 4 estudantes do Grao en Dereito e máis de 20 estudantes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Manifesta esta profesora que xa hai varias empresas que, ante esta situación, suspenderon a realización das prácticas. O problema é como avaliar esta materia.

O Decano explica que son varias as opcións que se poderían manexar para avaliar ao alumnado matriculado pendente de realizar as Prácticas Externas neste segundo período:

- Substitución da memoria por un informe ou traballo que o estudante podería realizar.
- Realizar as prácticas vía telemática si as empresas, despachos ou institución de destino o consideran factible.
- Retrasar o momento de finalización das prácticas.

Apróbase por asentimento esta medida e haberá que agardar á evolución da crise.

Sendo as 14:20h, levántase a sesión.

Secretaria

V. e pr. Presidente

María Antonia Arias Martínez

Francisco José Pérez Torres

Presidente